



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Xestión de Empresas e Institucións Culturais	Código	710G02008	
Titulación	Grao en Información e Documentación			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Humanidades			
Coordinación	Fernandez Travieso, Carlota	Correo electrónico	carlota.ftravieso@udc.es	
Profesorado	Fernandez Travieso, Carlota	Correo electrónico	carlota.ftravieso@udc.es	
Web	http://pdi.udc.es/es/File/Pdi/4S46G			
Descrición xeral	A materia ten por obxecto introducir ao estudantado nas cuestións relativas á xestión das empresas e entidades do ámbito da cultura. Ao finalizar o curso o alumnado deberá dominar os conceptos e fundamentos principais da xestión cultural.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non hai cambios. Materia sen docencia no curso 2020-2021.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Todas excepto a Proba mixta, que sofre modificacións unicamente na maneira de levala a cabo. Materia sen docencia no curso 2020-2021.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>- Proba mixta presencial: Substitúese por unha avaliación síncrona on line, utilizándose para tal fin Moodle e coordinación a través de vídeo conferencia a través de Microsoft Teams. Os alumnos que non podan realizar a proba a través dos medios previstos, deben comunicar á docente da materia tal circunstancia ofrecendo unha motivación con suficiente antelación. Para causas debidamente xustificadas, poderá, eventualmente, organizarse un sistema de avaliación alternativo.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado:</p> <p>Herramientas: Correo electrónico, Microsoft Teams, Moodle (retroalimentación formativa de las actividades)</p> <p>Temporalización: Se atende al alumnado diariamente, de lunes a viernes. Se ruego que, en primera instancia, la comunicación se establezca a través del correo electrónico o del chat de Teams. Será posible concertar citas para vídeo-conferencias a través de Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliación.</p> <p>Non haberá cambios con respecto ao que se propón no apartado de Avaliación da guía. O único cambio é que a Proba mixta pasaría a facerse telemáticamente.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>As mesmas que constan no apartado de avaliación.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía:</p> <p>Non hai cambios con respecto ao último curso no que se impartiu a materia.</p>			



Código	Competencias / Resultados do título
A2	Coñecemento, comprensión, aplicación e valoración dos principios teóricos e metodolóxicos, e das técnicas para a planificación, organización e avaliación de sistemas, unidades e servizos de información.
A6	Coñecemento da realidade nacional e internacional en materia de políticas e servizos de información e das industrias da cultura
A7	Habilidades para analizar, asesorar e formar a produtores, usuarios e clientes de servizos de información, así como nos procesos de negociación e comunicación
B1	Que os estudantes demostrasen posuir e comprender coñecementos nun área de estudo que parte da base da educación secundaria xera, e adoitan encontrarse a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algún aspecto que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado como non especializado
B6	Capacidade de análise e de síntese aplicada á xestión e organización da información
B7	Capacidade da xestión da información relevante
B9	Habilidades no uso de software xenérico
C1	Expresarse correctamente tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C2	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C3	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solución baseadas no coñecemento e orientadas cara o ben común
C4	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
C8	Aprender a aprender
C10	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo
C12	Traballar de xeito colaborativo
C13	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional
C15	Capacidade de organización e planificación do traballo propio
C18	Capacidade para a adaptación a cambios no contorno
C19	Capacidade de dirección e liderazgo

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecemento, comprensión e valoración das organizacións culturais, as súas tipoloxías e as principais características	A2 A6	B1 B4 B6 B7	C1 C3 C10 C13
Coñecemento da xestión e administración das organizacións culturais e dos seus recursos humanos, materiais e tecnolóxicos.	A2 A6 A7	B4 B6 B7	C1 C3 C4 C10 C13 C18
Coñecemento e habilidades no uso das tecnoloxías da información e a documentación, en relación á xestión e prestación de bens e servizos das organizacións.		B6 B7 B9	C1 C2 C8 C10 C12 C13 C15 C18 C19



Contidos	
Temas	Subtemas
Unidade I. Conceptos e fundamentos	1.1 Cultura, patrimonio cultural e xestión da cultura. 1.2. Institucións e organizacións culturais. 1.3. Lexislación e política cultural.
Unidade II. Procesos e recursos da xestión cultural	2.1. O xestor cultural. 2.2. As industrias culturais. 2.3. O uso social da cultura e do patrimonio cultural. 2.4. Mercado cultural e turismo cultural.
Unidade III. Deseño e xestión de proxectos culturais	3.1. Metodoloxía de deseño de proxectos culturais. 3.2. Xestión orzamentaria e financeira. 3.3 Desenvolvemento e avaliación. 3.4. Promoción e difusión.
Unidade IV. Perspectivas e tendencias	4.1. Cultura 2.0 .4.2. Crowdsourcing e voluntariado 4.3. Novas formas de financiación da cultura. 4.4. Cooperación cultural.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A6 A7	21	0	21
Proba mixta	A2 A6 A7 B6 B7 C1 C10	2	40	42
Saídas de campo	A6 C4 C13	2	0	2
Portafolios do alumno	A2 A6 A7 B1 B4 B6 B7 B9 C1 C2 C3 C8 C10 C12 C13 C18 C19	10	32	42
Presentación oral	B1 B4 B6 B7 C1 C3 C10 C13	6	0	6
Traballos tutelados	A2 A6 A7 B1 B4 B6 B7 B9 C1 C2 C3 C8 C10 C12 C15 C18 C19	1	34	35
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral dos contidos básicos da materia, elaborados e expostos pola docente, que pode apoiarse en medios audiovisuais. Non se imparten aulas durante o curso 2020-2021.
Proba mixta	Método de avaliación dos coñecementos e habilidades adquiridos polo alumnado, podendo combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta curta (pechada ou non) e outras algo máis extensas para que o alumno reflexione sobre os contidos tratados na materia.
Saídas de campo	Visitas a entidades e empresas culturais que permitan complementar os conceptos estudados en clase. Xa non se levarán a cabo durante o curso 2020-2021.
Portafolios do alumno	Carpeta que reúne virtualmente (a través da plataforma moodle) os traballos dos alumnos: resumos, recensións críticas, traballos nos que demostran a capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos nas sesións maxistras, conclusións de procuras de información utilizando as TIC por parte do grupo...



Presentación oral	O longo das aulas procurarase a interacción entre o alumnado e profesorado de xeito ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica. Os alumnos terán que falar de/expoñer os traballos que se incluírán no portafolios.
Traballos tutelados	Realización por parte do alumnado, de traballos autónomos, relacionados coa materia, baixo a vixilancia e seguemento da profesora.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba mixta Portafolios do alumno Traballos tutelados	As titorías da materia permitirán ao alumnado resolver dúbidas sobre os contidos, a forma de preparar o exame, traballos tutelados, traballos do portafolios e calquera outra actividade orientada ao longo do curso. Con carácter xeral, e en todas as metodoloxías aplicadas, se empregarán as titorías presenciais, o correo electrónico e a plataforma Moodle da UDC.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A2 A6 A7 B6 B7 C1 C10	Na súa corrección valoraranse tanto a capacidade do alumnado para sintetizar, desenvolver, comparar ou relacionar de forma autónoma o contido teórico-práctico da materia, como a expresión, corrección ortográfica e presentación.	40
Portafolios do alumno	A2 A6 A7 B1 B4 B6 B7 B9 C1 C2 C3 C8 C10 C12 C13 C18 C19	Valorarase adecuación do portafolios presentado aos temas propostos para cada actividade, o contido, as achegas por pare dos alumnos, a coherencia da súa estrutura, a redacción e presentación. Poderán especificarse outros criterios de avaliación particulares no momento da presentación das actividades aos alumnos. Non se avaliarán actividades presentadas fora de prazo, con faltas de ortografía ou que incumpran as indicacións prescritas para a súa elaboración.	20
Traballos tutelados	A2 A6 A7 B1 B4 B6 B7 B9 C1 C2 C3 C8 C10 C12 C15 C18 C19	Realizarase un traballo individual consistente na planificación dun evento ou proxecto cultural. As instrucións precisas serán proporcionadas pola docente ao comezo do curso. A formación dos grupos deberá ser comunicada á profesora con antelación á elaboración do traballo e o tema debe ser consensuado con ela. Con carácter xeral, valorarase a adecuación do traballo presentado ao tema proposto, o contido, a coherencia da súa estrutura, a redacción e a presentación entre outros criterios que poderán engadirse no momento de presentar a actividade aos alumnos. Solicitarase a súa exposición. Non serán avaliados os traballos presentados fóra de prazo ou non consensuados coa docente.	30
Presentación oral	B1 B4 B6 B7 C1 C3 C10 C13	Expoñerase o traballo tutelado. Farase chegar un power point con voz á a profesora dentro do prazo que indicará.	10

Observacións avaliación



Ao tratarse dunha materia da que non se imparten aulas durante o curso 2020-2021, será obrigatorio para todo o alumnado acordar unha titoría NAS DÚAS PRIMEIRAS SEMANAS DE CLASE co fin de establecer un plan de traballo idóneo. Establecerase entón un calendario para realizar as entregas.

Para aprobar a materia é preciso obter unha nota media de 5 sobre 10 que se calculará atendendo ás porcentaxes sinaladas para cada metodoloxía no apartado de avaliación, a condición de que se obteña un mínimo de 4 sobre 10 en cada unha das metodoloxías mencionadas previamente. Se a nota nalgunha destas metodoloxías é inferior a 4 suspenderase a materia.

Non se avaliarán as entregas non consensuadas coa profesora no prazo establecido para tal fin cando sexa necesario acordar un tema ou presentadas fóra de prazo. Se se realizan outras entregas desa metodoloxía, as entregadas fóra de prazo cualificaranse cun 0. Este será tamén o caso dos traballos que non cumpran coas instrucións prescritas para a súa elaboración ou que fosen copiados.

SEGUNDA OPORTUNIDADE:

Poderán presentarse á segunda oportunidade unicamente os estudantes que non superen a materia na primeira oportunidade. Respectarase as mesmas condicións e porcentaxes da primeira oportunidade. Gardaranse as notas relacionadas coas diferentes metodoloxías mencionadas no apartado de avaliación que resultasen aprobadas, polo que os alumnos poderán recuperarán só a parte/partes que teñan suspensas. Será obrigatorio comunicar aos docentes como se abordará á avaliación nesta segunda oportunidade. Será obrigatorio presentar o traballo tutelado e o portafolios como mínimo 1 mes antes da data fixada para o exame pola Facultade de Humanidades.

ALUMNOS CON DEDICACIÓN A TEMPO PARCIAL OU DISPENSA ACADÉMICA DE ASISTENCIAS ÁS AULAS LEGALMENTE RECOÑECIDA:

Avaliaranse polo mesmo sistema que o resto do alumnado.

Fontes de información



Bibliografía básica

- POSE PORTO, H.; FRAGUELA VALE, R. (2006). Planificación estratéxica en cultura. A Coruña: Deputación Provincial de A Coruña
- PORRET GELABERT, M. (2012). Gestión de personas: manual para la gestión del capital humano en las organizaciones. Madrid: ESIC
- CUERVO GARCÍA, A. (dir.) (2008). Introducción a la Administración de Empresas. Madrid: Thomson Civitas
- LACARRIEU, M.; ÁLVAREZ, M. (comp.) (2002). La (indi)gestión cultural. Una cartografía de los procesos culturales contemporáneos. Buenos Aires: Ciccus
- CHIAVENATO, I. (2011). Administración de recursos humanos: el capital humano de las organizaciones . México: McGraw-Hill
- BONET, L.; CASTAÑER, X.; FONT, J. (eds.) (2007). Gestión de proyectos culturales. Análisis de casos. . Barcelona: Ariel
- BARBOLLA, D. et al. (2010). Cultura 2.0: técnicas de investigación en entornos digitales. Barcelona: UOC
- BALLART HERNÁNDEZ, J.; JUAN I TRESSERRAS, J. (2001). Gestión del patrimonio cultural. Barcelona: Ariel
- ANDER-EGG, E.; AGUILAR IBÁLEZ, M. (2000). Cómo elaborar un proyecto: guía para diseñar proyectos sociales y culturales. Buenos Aires: Lumen
- ORDUÑA-MALEA, E. et al. (2014). Gestión cultural: innovación y tendencias. Valencia: Tirant Humanidades
- CANO DE MAUVESÍN FABARÉ, J. M. (2005). Turismo cultural: manual del gestor de patrimonio. Córdoba: Almuzara
- PADULA PERKINS, J. E. (2015). Aproximaciones a la gestión cultural. Gijón: Ediciones Trea
- MARTINELL, A. (2001). Diseño y elaboración de proyectos de cooperación cultural. Madrid: Organización de Estados Iberoamericanos para la Educación, la Ciencia y la Cultura
- GALLARDO GALLARDO, E. (2015). Qué es y cómo gestionar el crowdfunding. Barcelona: UOC
- AMAT i SALAS, J. M. (2013). Control 2.0: una nueva perspectiva del control de gestión menos financiera y más cualitativa. Barcelona: Profi
- FIGUEIRAS VIDAL, A. R. (ed.) (2010). La sociedad de la información y el conocimiento. Madrid: Instituto de España
- MUNILLA CABRILLANA, G. et al. (coords.) (2005). Patrimonio digital: un nuevo medio al servicio de las instituciones culturales. Barcelona: UOC
- MUÑOZ-SECA, B.; RIVEROLA, J. (2011). Arte y eficiencia: el sector de la cultura visto desde la empresa. Pamplona: EUNSA
- MOREIRA, E. (2003). Gestión cultural. Buenos Aires: Longseller
- CEBRIÁN HERREROS, M.; MAESTRO BACKSBACKA, J, RUBIO MORAGA, A. L. (eds.) (2011). Industrias culturales: el modelo nórdico como referencia para España. Madrid: Comunicación Social
- MUNILLA CABRILLANA, G.; ROS HIJAR, .(coords.) (2002). Organización y gestión de empresas culturales. Barcelona: UOC
- MEJÍA LÓPEZ, J. (2008). Estructuras y principios de gestión del patrimonio cultural municipal. Gijón: Trea
- MARTÍ i GRAU, J.; PASCUAL, J. (2009). Gestión y políticas culturales. Barcelona: UOC
- GÓMEZ DE LA IGLESIA, R. (2004). Público y privado en la gestión cultural. Vitoria-Gasteiz: Xabide
- GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ, F.J.; GANAZA VARGAS, J.D. (coord.) (2010). Principios y fundamentos de gestión de empresas. Madrid: Pirámide
- MAAS MORENO, M. (2006). Gestión cultural, comunicación y desarrollo: teoría y práctica. México: Conaculta
- GARCÍA CUETOS, P. (2012). El patrimonio cultural: conceptos básicos. Zaragoza: Prensas Universitarias de Zaragoza
- RIALP-CRIADO, A. (2003). Fundamentos teóricos de la organización de empresas : un enfoque interdisciplinar. Madrid: Pirámide
- QUEROL, Mª Á. (2010). Manual de gestión del patrimonio cultural. Madrid: Akal
- FERNÁNDEZ LÓPEZ, S. (2007). Cómo gestionar la comunicación en organizaciones públicas y no lucrativas. Madrid: Narcea
- DRUCKER, P. F. (1996). Dirección de instituciones sin fines de lucro: teoría y práctica. Barcelona : El Ateneo
- COLBERT, F.; CUADRADO, M. (2003). Márketing de las Artes y la Cultura. Barcelona: Ariel
- SOLDEVILA, P. et al. (2008). El cálculo del presupuesto para entidades no lucrativas: una aplicación práctica.



Barcelona: Associació Catalana de Comptabilitat i Direcció

- TONO MARTÍNEZ, J. (2007). Conceptos y experiencias de la Gestión Cultural. Madrid: Ministerio de Cultura

- TURBAU, I. (2011). ¿Por dónde empiezo? Guía práctica para programar, financiar y comunicar eventos culturales .

Barcelona: Ariel

- ZUBIRIA SAMPER, S.; ABELLO TRUJILLO, I. (2001). Conceptos básicos de administración y gestión cultural.

Madrid: OEI



Bibliografía complementaria | A profesora proporcionará nas clases bibliografía específica sobre os diversos temas e actividades a desenvolver.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Fundamentos de Teoría e Xestión da Información /710G01005

Antropoloxía Social Aplicada/710G01080

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Sistema do Coñecemento: Filosofía, Ciencia e Tecnoloxía/710G01006

Materias que continúan o temario

Socioloxía da Cultura e do Patrimonio/710G01027

Observacións

Recoméndase tamén

aos alumnos que non poidan asistir á aulas regularmente que non contén cun recoñecemento legal da súa situación que acorden unha titoría nas dúas primeiras semanas de clase co fin de establecer un plan de traballo axeitado.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías